

Acción social persoal estatutario non sanitario Sergas

ANTICIPOS ORDINARIOS.

Reintegrables sen interese a súa contía non poderá exceder do 20% do seu soldo base anual.

Ao conceder o anticipo, fixarase a cantidade que, para a súa amortización, deba descartarse mensualmente do haber do interesado, sen que o prazo de amortización poida exceder de 2 anos.

ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS.

Poderá concederse ao persoal en activo, sen interese, dun importe máximo do 100% do soldo base anual, cun prazo máximo de amortización de cinco anos, sempre que se cumpran os requisitos e nas condicións seguintes:

Que se xustifique suficientemente a necesidade.

Que o interesado non teña outro anticipo extraordinario pendente de amortización. Que garanta a operación mediante o seguro de Amortización de préstamos.

A devolución do anticipo realizarase por mensualidades constantes e o interesado comprometerase formalmente a manter e a respectar a retención de haberes que para a amortización do anticipo sinala o Sergas, aínda que para outras retencións xudiciais ou gubernativas quede totalmente absorbida a parte de soldo legalmente embargable.

Serán compatibles os anticipos Ordinarios e Extraordinarios, sempre que a suma dos mesmos, non pase o 100% do soldo base anual do petionario.

PRÉSTAMOS DE INTERES SOCIAL PARA ADQUISICION DE VIVENDA

Terán garantía hipotecaria, con interese e terá por obxecto a propia vivenda familiar.

ASIGNACIÓN FAMILIAR POR FILLO A CARGO

Os pais de familia, gozarán dunha especial asignación familiar, compatible e independente da prestación de tal clase con cargo á Seguridade Social, por cada fillo menor de dezoito anos ou incapacitado.

e ambos os cónxuxes prestan servizos no Sergas, soamente a un deles corresponderá percibir esta asignación.

A contía será de 0,60 euros por mes e fillo

A efectividade económica desta asignación será desde o día 1 do mes de nacemento.

O dereito á percepción da asignación vencida e non cobrada prescribe ao ano, contado desde a data que se entende devengada.

PLUS DE CASADO.

Por matrimonio percibirase un plus de carácter fixo por importe de 15 euros anuais. Se ambos os cónxuxes prestan servizos no Sergas, só un poderá percibilo.

A efectividade deste plus será desde o día 1 do mes en que se efectúe o matrimonio.

O dereito á percepción do plus vencido e non cobrado prescribe ao ano, contado desde a data en que se entende devengado.

AXUDAS POR FALECIMENTO

Ao falecemento dun empregado, calquera que sexa a súa situación administrativo, excepto en excedencia voluntaria, as súas dereitohabientes percibirán un socorro da seguinte contía:

Con menos de 3 anos de servizo efectivo en propiedade: 60 euros.

Aos tres anos: 6 mensualidades do Soldo Base anual. Por cada ano máis de servizo, logo dos 3 primeiros: 12 euros

Este beneficio outorgarase tamén aos derechohabientes dos empregados xubilados.

AXUDA ECONOMICA POR FAMILIARES MINUSVALIDOS

O persoal ten dereito a percibir unha axuda complementaria por familiares discapacitados. Esta axuda concédese sempre que os familiares discapacitados que conviven co petionario perciban a achega económica que por este concepto concede no seu favor a Seguridade Social.

AXUDA ECONÓMICA EN CONCEPTO DE GARDERÍA INFANTIL

Percepción dunha axuda en concepto de gardería infantil por fillos de idade inferior aos seis anos do persoal feminino e masculino, viúvo e con fillos menores de seis anos ao seu cargo, por importe de 24 euros mensuais.